

ACTA DA REUNIÓN DE XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, CELEBRADA O DÍA 8 DE XULLO DE 2014

En Abegondo, a 8 de xullo de 2014 sendo as 19 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse, no Salón de Plenos do Concello de Abegondo.

Asistentes:

- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegoiros de Betanzos e Comarca).
- D. Antonio De María Angulo, en representación da *Mesa do sector forestal e da madeira* (Asociación Profesional Silvicultores - SILVANUS).
- Dna. Sabela Pérez Iglesias, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Roxín Roxal).
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultura Aberta de Carral).
- D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo) e Tesoureira da Asociación.
- D. Juan Manuel Neira Fernández, en representación da *Mesa do sector institucional* (Sociedade Galega de Historia Natural).
- Dna. Carmen Borobio, en representación da *Mesa do sector institucional* (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia –CEIDA-)
- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.
- D. Ramón García Vázquez, Alcalde do Concello de Betanzos, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. Marta Iglesias Becerra, Concelleira de Promoción Económica e emprego do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Antonio Deibe Sanmartín, Alcalde do Concello de Irixoa en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. María José Crespo Fraga, en representación da *Mesa da pesca, marisqueo e acuicultura* (Confraría de Pescadores de Miño).

- D. Eulogio López Río, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s* (ASPACE).
- Dna. María Teresa Tiemblo Marsal, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s* (ASPANAES).
- D. José Francisco Castro Vilariño, asesor externo da Asociación Mariñas – Betanzos.
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- D. Diego Miranda Barrós. Técnico Asociación Mariñas – Betanzos
- Dna. Isabel Eiriz Naveira. Auxiliar Admvo. Asociación Mariñas - Betanzos
- D. Diego López Pedreira. Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Consorcio das Mariñas

A SESIÓN DESENVOLVEUSE, CO SEGUINTE RESULTADO:

Preside a reunión D. José Antonio Santiso Miramontes, Presidente da Asociación e Alcalde de Abegondo, actuando de secretario a tesoureira da Asociación, Dna. Aida Perez Barredo.

1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbanse as Actas anteriores do día 26 de maio de 2014, e as enviadas vía “correo electrónico” dos días 18 e 23 de xuño de 2014, coa abstención do representante da Asociación Roxín Roxal, Sabela Pérez, por non estar presente na anterior reunión.

1.B. CONSIDERACIÓN SE PROCEDE DE ASUNTOS URXENTES QUE XURDIRON CON POSTERIORIDADE A ESTA CONVOCATORIA.

1.B.1. INFORME PROXECTOS APROBADOS POR AGADER NO PROGRAMA LEADER.

Os membros da Xunta Directiva acordan incorporar os seguintes asuntos nesta orde do día, recibidos con posterioridade ao envío da convocatoria.

1.B.1.1. NAVE COMPLEMENTARIA Á IMPLANTACIÓN DUN CAMPO DE CEPAS DE CASTIÑEIRO HÍBRIDO (L13-41100-29-0236)

Con data 14 de xuño de 2013, a promotora do proxecto, Ivón Dúo Suárez, solicitou unha axuda para unha nave complementaria á implantación dun campo de cepas para produción e comercialización de castaño híbrido.

A promotora do proxecto é unha enxeñeira que na actualidade conta cun campo de cepas madre para produción e comercialización de castiñeiro híbrido a partir de material de base de reprodución tipo clon. Con este proxecto constrúe unha nave para uso de vestiario, aseos, oficina, almacén e zona apsética para manexo de micelios na produción de castaño híbrido polo método de acodo baixo e a posterior comercialización.

Esta iniciativa encaixa na medida 411.- Dinamización do sector agrario e forestal.

Os investimentos deste proxecto ascenden a 56.902,45-€ (47.026,82 sen IVE) que van dirixidos á construción da nave.

Con data 04 de xullo de 2014, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 47,66 puntos, correspondéndolle un 33,83% de axuda do Programa Leader que ascende a 15.909,17-€.

Este proxecto activaríase nun 25% na anualidade 2014 e cun 75% na anualidade 2015.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

1.B.1.2. IMPLANTACIÓN EMPRESA DE FABRICACIÓN DE PEZAS DE MADEIRA PARA O SECTOR DA CARPINTERÍA (L11-41300-29-0122)

Con data 07 de xullo de 2014, Pilar Prado comunica que está avaliando renunciar ou non á axuda do expediente “L11-41300-29-122 Implantación dunha empresa de fabricación de pezas de madeira para o sector da carpintería” (pendente da presentación documental da renuncia).

No caso de que presente a renuncia ou solicite modificación á baixa na resolución de concesión da axuda, autorízase por esta Xunta Directiva para continuar coa tramitación do expediente.

1.B.3. SOLICITUDE REDUCCIÓN DO ORZAMENTO E PRÓRROGA DO EXPEDIENTE L14-43100-29-B254.

Con data 29 de abril de 2014 a Asociación Mariñas-Betanzos ten concedida unha axuda para o proxecto “L14-43100-29-B254 Xornadas técnicas e actividades no ámbito territorial Mariñas-Betanzos” por importe de 27.000€.

Solicítase unha redución do orzamento de 10.000.-€, para abrir un novo expediente coas actividades non executadas, incorporando as actividades a realizar de agosto e setembro (Especie do Ano; Custodia do Territorio e Mostra de Viños e Produtos das Mariñas).

A Xunta Directiva acorda que sexa comunicado a AGADER para a súa autorización a redución do orzamento así coma a solicitude dunha prórroga na xustificación dos investimentos ata o 31 de outubro de 2014.

2.- SEGUIMIENTO PROGRAMA LEADER

2.1. INFORME PROXECTOS PRESENTADOS AO PROGRAMA LEADER.

2.1.1. Ampliación servizos asistencia animais. (L14-41300-29-260)

Con data 10 de abril de 2014 tense presentado a solicitude de axuda do Programa LEADER para o proxecto “Ampliación servizos de asistencia a animais”.

Este proxecto de carácter non produtivo, promovido pola Asociación Gatocán consiste na adaptación de instalacións para ofrecer un servizo de veterinaria aos animais do centro de acollida de animais Gatocán. A existencia deste servizo facilitará as tarefas sanitarias dos mesmos. Por outra banda, para o subministro enerxético da clínica mediante paneis solares vai ser necesario incrementar a potencia para que funcionen as máquinas de osíxeno no quirófano, o aparato de raios x e outros aparatos eléctricos.

Os investimentos van dirixidos á obra civil (acondicionamento sala de raios x e quirófano); equipamento quirófano, sala radioloxía e laboratorio (aparato radioloxía; microscopio; autoclave; refractómetro...); baterías subministro enerxía.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 47.746,35.- €. O proxecto acadaría unha puntuación de 62,25 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 50% (23.873,18.-€).

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.2. Obradoiro marmeladas e conservas en Cecebre. (L14-41100-29-264)

Con data 15 de abril de 2014 tense presentado a solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “Obradoiro de marmeladas e conservas”.

As promotoras do proxectos son dúas mulleres que se constitúen como sociedade limitada, que terá por obxecto “obradoiro, transformación de froitas e verduras e herbas aromáticas, para elaborar marmeladas, conservas de verduras e hortalizas, confituras, xaleas, zumes e envasado de herbas aromáticas”. Ubicáanse no Concello de Cambre.

Este proxecto produtivo consiste na compra da maquinaria necesaria para elaboración de marmeladas, conservas vexetais e zumes e envasado de herbas aromáticas, recuperando as maneiras tradicionais de elaborar marmeladas e conservas dunha forma máis natural, artesá, ecolóxica e sostible.

Os investimentos deste proxecto consisten na compra de maquinaria: unha autoclave steril-food e unha marmita industrial.

Con este proxecto a entidade promotora adquire o compromiso de creación dun emprego autónomo e outro a media xornada.

Ten cabida na medida 411 “Dinamización do sector agrario e forestal”, do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 7.000.- € (5.785,13.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 67,16 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 43,58 % (2.521,16.-€) sobre un orzamento elixible de 5.785,13.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.3. Ampliación actividade da cooperativa de lúpulo en Galicia. (L14-41300-29-265)

Con data 15 de abril de 2014 tense presentado a solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “Ampliación da Coperativa de Lúpulo en Galicia”.

A entidade promotora do proxecto é Lutega, S.C.G. e con esta iniciativa pretenden mecanizar as tarefas de comercialización do lúpulo polo que se necesita contar con maquinaria específica de segunda man, única en España e que se localiza nun taller especializado en León.

Este proxecto produtivo consiste na compra da maquinaria (cortadora con carro e atomizador) que será acoplada a un tractor e se inscribirá no rexistro de maquinaria usada.

Os investimentos deste proxecto ascenden a 13.900 euros.

Ten cabida na medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida”, do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 13.900.- €. O proxecto acadaría unha puntuación de 52,66 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 36,33 % (5.049,87.-€) sobre un orzamento elixible de 13.900.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.4. Ampliación empresa de fabricación de virutas no Concello de Betanzos. (L14-41300-29-273)

Con data 13 de maio de 2014 tense presentado a solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “Ampliación empresa de fabricación de virutas no Concello de Betanzos”

A entidade promotora do proxecto é a sociedade limitada Visecorsa, S.L. que ten por actividade o comercio ao por maior de viruta para uso maioritariamente gandeira.

A empresa quiere adquirir unha plataforma para o transporte de viruta. Coa mellora do proceso produtivo da fabricación da viruta e a súa comercialización, contribuirán positivamente na redución de custos e no control do produto.

Con este proxecto a entidade promotora adquire o compromiso de creación de 0,25 empregos, colectivo desfavorecido. Ten cabida na medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida”, do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 118.883,71.- € (98.251.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 45,91 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 32,96 % 32.371,66.-€) sobre un orzamento elixible de 98.251.-€.

A Xunta Directiva indica ao equipo técnico do Programa LEADER, que se lle podería suxerir ao representante desta empresa que se comprometera á creación de 0,5 empregos.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.5. Estudo gravación e dobraxe en Callobre. (L14-41300-29-275)

Con data 30 de maio de 2014 tense presentado a solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “Estudo de gravación e dobraxe”. O promotor da iniciativa, Rubén Montes quiere montar un estudo de son en Callobre (Oza-Cesuras) que prestará servizos de gravación, edición e masterización de música, dobraxe, posproducción, composición de bandas sonoras e servizos de produción de arquivos sonoros.

Esta persoa conta con ampla experiencia no sector, obtivo a licenciatura de World Music no Conservatorio Superior de Música de Rotterdam (Holanda) e traballou como técnico de son internacionalmente en festivais de prestixio. Tamén conta con clientes potenciais que axudarán ao desenvolvemento da súa actividade.

Os investimentos deste proxecto van dirixidos á compra do equipamento do estudo de gravación. Adquire o compromiso de creación do seu propio emprego como autónomo. Ten cabida na medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida”, do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 16.726,60.- € (13.823,64.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 58 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 39 % 5.391,22.-€) sobre un orzamento elixible de 13.823,64.-€.

A PORCENTAXE DE AXUDA SERÍA DO 35% 4.838,27€, tope máximo dende o día 01/06/2014 na medida 413 de proxectos produtivos.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.6. Creación Salón de masaxe en Santirso de Mabegondo. (L14-41300-29-276)

Con data 5 de xuño de 2014 tense presentado a solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “Creación Salón de Masaxe en San Tirso de Mabegondo”.

A promotora do proxecto é unha muller de 34 anos, que se da de alta como autónoma para ofrecer un servizo de tratamentos ao corpo humano: masaxes; tratamentos de reflexoterapia e outros tratamentos análogos. A promotora pretende nun futuro crear unha colaboración con outras áreas de tratamento e asistencia paramédicas. Este servizo non existe no Concello de Abegondo (839 masaxistas, dietas e aux. enfermería)

Este proxecto produtivo consiste na adaptación dun local para ofrecer servizos de reflexoterapia e outros tratamentos análogos, dirixidos principalmente aos maiores do Concello de Abegondo.

Os investimentos deste proxecto consisten na reforma do local; ao equipamento técnico e a compra de material informático, impresora e mobiliario.

Con este proxecto a promotora adquire o compromiso de creación do seu emprego como autónoma.

Ten cabida na medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida”, do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 16.903,70.- € (13.970.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 84,83 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 45 % (6.286,50.-€).

A PORCENTAXE DE AXUDA SERÍA DO 35% 5.916,30€, tope máximo dende o día 01/06/2014 na medida 413 de proxectos produtivos.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.9. Melloras e aforro enerxético na maquinaria agrícola en común nas explotacións socias da Cooperativa. (L14-41300-29-279)

Con data 30 de xuño de 2014 tense presentado a solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “Melloras e aforro enerxético na maquinaria agrícola en común nas explotacións socias da Cooperativa”.

A entidade promotora do proxecto a cooperativa “Aranxes S. Cooperativa Galega” constituída no ano 2001, con domicilio social no Concello de Monfero, tendo un centro de traballo ubicado no Concello de Aranga. O seu ámbito de actuación desenvólvese nos Concellos de Monfero e Aranga, concentrándose neste último concello a totalidade das explotacións. Está composta por 12 socios, dos que 11 son do Concello de Aranga.

Os membros desta cooperativa deciden investir comprando unha picadora Claas Jaguar 870 DT e seguir avanzando como cooperativa moderna e competitiva e en previsión de poder aumentar as súas explotacións gandeiras, podendo con isto optimizar os resultados das colleitas e a calidade do produto, tanto en herba como en millo e o que é máis importante para os membros da Cooperativa, ter capacidade suficiente para poder afrontar os traballos tanto diarios como en época de campaña, e poder dar un mellor servizo e aproveitamento da maquinaria existente en épocas de máxima esixencia.

Os investimentos deste proxecto van dirixidos á compra dunha máquina picadora claas jaguar 870 DT e ascenden a 372.680.- € (308.000.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 59 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 34,50 %. Corresponderíanlle 40.000.-€ de axuda. Límite máximo.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

3. INFORME INTERMEDIO ANUAL 2014.

O Presidente comenta que ten solicitado que na Reserva se faga un proxecto piloto sobre biomasa con fins enerxéticos, agardando que sexa incluído na Estratexia de Biomasa forestal galega.

O Equipo Técnico presenta aos asistentes as actividades levadas a cabo dentro da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo no primeiro semestre do ano 2014. O esquema de actividades desenvolvidas por liñas estratéxicas é o seguinte:

1. Posta en marcha, comunicación e cooperación:

- Plan de Xestión da RB MCeTM (2013-2017)
- Concurso Ideas Logotipo RB MCeTM
- Proxecto Sinalización R.B. MCeTM
- Xornadas de difusión, sensibilización e participación na formulación plan de xestión.
- Renovación membros da Xunta Directiva da Asociación Mariñas – Betanzos
- Posta en marcha da Rede Galega de Reservas de Biosfera
- Programa de educación ambiental, comunicación e participación pública asociado á Reserva de Biosfera MCeTM.

2. Entorno socioeconómico, emprendemento e cambio climático:

- Programa LEADER 2014-2015. Apertura convocatoria 2 de abril de 2014
- Seguimento do Programa Desenvolvemento Rural (2007-2013)
- Programa Integrado para o Emprego “Rural Emprende”
- Apoio e acompañamento técnico a persoas emprendedoras
- Bolsa de Terras da Reserva da Biosfera
- Viveiros de emprendemento agroindustrial
- Viveiros de emprendemento hortícola
- Fomento do cooperativismo no sector da agroecoloxía e transformados
- Fomento do emprendedurismo no ámbito rural

3. Sostibilidade do medio rural e mariño, producións e servizos.

- Marca de calidade da Reserva da Biosfera
- Xornadas formativas: Mellora competitividade
- Plan Alimentario da RB MCeTM baseado na conservación da biodiversidade, o consumo responsable e o emprego verde.
- Selfood: Sistemas alimentarios sostibles e locais e europea.
- Biodiversidade na Reserva de Biosfera MCeTM: Identificación e seguimento.
- Empoderar as zonas rurais mediante a creación de capacidades dos axentes da innovación (ERACIA).
- Proxecto de seguimento fenolóxico.

4. Conservación dos recursos naturais e patrimoniais.

- I maratón ornitolóxico na Reserva da Biosfera MCeTM.
- Día da árbore
- Seminario técnico sector ambiental da Reserva de Biosfera MCeTM.
- A Xuventude coñece as aves na Reserva da Biosfera MCeTM (Programa Iniciativa Xove)
- Estratexia da Paisaxe na Reserva da Biosfera MCeTM

ACTIVIDADES PREVISTAS II SEMESTRE 2014

1. Posta en marcha, comunicación e cooperación

- Aprobación plan de xestión 2013-2017
- Protocolo de colaboración con administracións públicas
- Reunións dos distintos órganos de xestión da RB
- Propostas do Logotipo da RB ata o 30 de outubro
- Sinalización das principais entradas viarias na Reserva da Biosfera.
- Actualización e renovación do espazo web da Reserva da Biosfera, e redes sociais.
- Xornadas de difusión, sensibilización e participación na formulación plan de xestión.
- Elaboración de materiais de divulgación (trípticos RB; mapa RB e mapa produtores agroalimentarios).

2. Entorno socioeconómico, emprendemento e cambio climático

- Programa Leader 2014-2015
- Apoio e acompañamento técnico a persoas emprendedoras.
- Fomento do emprendedurismo no medio rural
- Bolsa de Terras da Reserva da Biosfera
- Xornada Emprender en feminino
- Xornadas loita contra o cambio climático

3. Sostibilidade do medio rural e mariño, producións e servizos

- Aprobación de regulamento e pregos da marca de calidade da Reserva da Biosfera MCeTM.
- Plan Alimentario da RB MCeTM baseado na conservación da biodiversidade, o consumo responsable e o emprego verde.
- Asesoramento en presentación e deseño de produtos agroalimentarios (Asgaia).
- Promover melloras produtivas nas adegas (Calidade agroalimentaria).

4. ciencia e desenvolvemento de capacidades.

- Reunións con técnicos municipais para mellorar a información sobre a Reserva de Biosfera, así como coordinar actividades ligadas á educación ambiental (en colaboración co CEIDA).
- Programa de formación a estudantes.
- Elaboración e seguimento de indicadores nun programa de xestión de R.B.
- Xornadas formativas: recursos naturais de interese.

5. Conservación dos recursos naturais e patrimoniais.

- Proposta ao Programa LIFE.
- Proposta ao Programa LEADER, co obxectivo de mellorar a conservación e a posta en valor dos recursos naturais da Reserva da Biosfera MCeTM.
- Elaboración de material divulgativo; realización dunha xornada sobre o Gato Bravo; seguimento da especie a través de fototrampeo (setembro).
- III Semana da Custodia do Territorio na Reserva da Biosfera MCeTM.
- Identificación de convocatorias de axudas e outras liñas de financiamento, así como formulación de propostas e posta en marcha de proxectos (bolsa de proxectos proposta polo sector ambiental).

A continuación o Presidente da Asociación, toma a palabra para comentar un tema que non está na orde do día, que na Estratexia da Comunidade Autónoma do LEADER, incorporouse a proposta de proxecto piloto de xestión da biomasa.

4. PROPOSTA EXPEDIENTES PROMOVIDOS POR MARIÑAS – BETANZOS, ORIENTADOS Á ESTRATEXIA DA RESERVA DA BIOSFERA.

4.1. PROXECTOS DE VIVEIROS DE INDUSTRIAS AGROALIMENTARIOS (L14-41300-29-278)

Dende a Asociación Mariñas – Betanzos propónse avanzar na posta en marcha dun “obradoiro” de empresas como ferramenta de apoio aos emprendedores do sector da transformación agroalimentaria. Deste xeito, apoiaríanse novas iniciativas naqueles casos en que a necesidade de realizar investimentos supoña unha seria dificultade par a súa posta en marcha.

Por outra parte, tamén se abre a posibilidade de constituír un espazo común para varias agroindustrias de maneira que se consiga multiplicar a súa utilidade produtiva ao tempo que se fomentan os procesos de colaboración entre as empresas.

Como vía para acadar estes obxectivos, a través do presente proxecto acometárase a adecuación dun espazo para a transformación agroalimentaria que cumpra cos requisitos xenéricos esixidos pola regulamentación sanitaria vixente.

As instalacións que estarán ubicadas na parroquia de Iñás, cedidas gratuitamente polo Concello de Oleiros, funcionaran como “viveiro de empresas” de maneira que as persoas emprendedoras poidan desenvolver a súa actividade durante un máximo de 5 anos (3 anos + 2 prorrogables). Dende a propia Asociación Mariñas – Betanzos neste viveiro prestaranse servizos de aconsellamento e asesoramento aos emprendedores durante a súa estada.

Estas instalacións escollidas e cedidas se corresponden a unha nave de 268 m² encadrada no Viveiro Municipal de Empresas do Polígono de Iñás, pertencente ao Concello de Oleiros. Dita instalación se encadra nun conxunto total de 20 naves contiguas que integran o citado viveiro e cuxa pretensión inicial se atopaba xa na liña de facilitar o arrinque de novos proxectos emprendedores. Como proxecto piloto adecuarase unha nave (sen equipamento) coa idea de que poida instalarse unha empresa saída do Programa Integrado de Emprego.

O orzamento deste proxecto ascende a 71.535,31€ (IVE incluído).

A Xunta Directiva acorda que o equipo técnico faga os trámites oportunos para solicitar unha axuda ao Programa LEADER na medida 413, autorizando ao Presidente e Vicepresidente para a súa tramitación e execución.

4.2. RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL NO TERRITORIO DE MARIÑAS – BETANZOS.

A Asociación Mariñas – Betanzos ten organizado o pasado día 12 de xuño unha reunión co sector medioambiental da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, onde se teñen identificado proxectos e liñas de actuación ligadas á conservación, mellora ambiental e dos recursos naturais da Reserva de Biosfera, así como a loita contra o cambio climático e a educación ambiental, susceptibles de poñer en marcha a través das distintas liñas de financiamento dispoñibles, de xeito que estes proxectos sustenten as bases de actuacións posteriores.

Por tal motivo, proponse solicitar a través do Programa LEADER o proxecto “Recuperación e posta en valor do patrimonio natural no territorio de Mariñas – Betanzos” enmarcado na medida 412, que estará dirixido a:

- Accións de mellora de hábitats.
- Avaliar o posible incremento da zona núcleo da RB mediante a figura de Espazo Natural de Interese Local (ENIL), e apoiar tecnicamente na súa tramitación.
- Desenvolver accións de eliminación e control de especies exóticas invasoras.

As accións propostas dentro deste proxecto serían: Mellora de hábitats; Avaliar o posible incremento da zona núcleo da Reserva de Biosfera mediante a figura de espazo natural de interese local (ENIL); Control e eliminación de especies invasoras.

Infórmase aos asistentes que se procederá a enviar unha carta a todos os Concellos solicitando información sobre os espazos de titularidade de cada concello ou afectados polo Dominio Público de maior interese ambiental e avaliar conxuntamente a viabilidade e posta en marcha do proceso para a declaración do Espazo Natural de Interese Local; para isto precisaríamos contar coa seguinte información: identificación dos espazos de maior interese ambiental de cada concello e breve resumo dos principais valores naturais.

Acórdase a solicitude dun expediente Leader dentro da Medida 412, que recolla estas propostas, autorizando ao Presidente e Vicepresidente para a súa tramitación.

5. RESOLUCIÓN AXUDA PROXECTO FUNDACIÓN BIODIVERSIDADE.

Con data 17 de xuño de 2014, a Fundación Biodiversidad ten comunicado á Asociación “Mariñas – Betanzos” a decisión de preseleccionar o proxecto “Elaboración do Plan Alimentario da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, baseado na conservación da biodiversidade, o consumo responsable e o emprego verde e ser incluído na proposta de resolución por unha axuda de 19.530€. Orzamento total 42.530€.

En setembro se presentará cronograma concreto de accións. O Presidente, comenta que as actuacións serán todas eminentemente prácticas.

Para cofinanciar as actividades acórdase solicitar dous expedientes dentro do Programa Leader, medida 431-B, un deles en 2014 (11.000€) e outro en 2015 (12.000€) sendo necesario pasar 11.000 € da medida 431-A á medida 431-B no ano 2014.

O xerente comenta que debido a que finais de ano, collería a baixa por “paternidade” o GDR aforraría aproximadamente 11.000 euros que abonaría a Seguridade Social, que sería o importe que se traspasaría da medida 431-A á medida 431-B para financiar esta anualidade. Tamén quere facer mención ao traballo desenvolvido polo equipo técnico de Laborate (USC), concretamente pola técnica Beatriz Suarez, na elaboración desta axuda, e que sería interesante que puidera seguir vinculada ao proxecto.

Sabela Pérez, representante da Asociación Roxin Roxal solicita que conste en acta, que un dos obxectivos da Reserva debería ser preservar a biodiversidade, e polo tanto se poderían identificar as áreas nas que están presentes os cultivos transxénicos. Así mesmo, propón que se evitase subvencionar estas iniciativas a través de Leader.

O Presidente, resposta que se ten enviado un estudio a todos os concellos, onde se orienta que plantar segundo as súas aptitudes agronómicas. E que se deben establecer producións aptas e viables na Reserva da Biosfera.

6. PROPOSTA E APROBACIÓN SE PROCEDE DE ADHESIÓN DE NOVOS SOCIOS E ADSCRICIÓN Á MESA SECTORIAL CORRESPONDENTE.

6.1. ASOCIACIÓN AMIGOS DE LOS RÍOS DE BETANZOS (ARBE)

Con data 27 de marzo de 2014 ten entrado no rexistro da Asociación “Mariñas – Betanzos” Amigos de los Ríos de Betanzos (ARBE), entidade constituída no ano 1998. Os fins principais desta Asociación con domicilio social en Betanzos, son a recuperación, conservación e defensa do medio ambiente, fauna e flora dos ríos Mendo e Mandeo, así como as súas bacías e marxes; o fomento de infraestruturas, servizos e accesos ao Porto fluvial de Betanzos e labores de xestión e/ou colaboración con entes oficiais.

Compróbase que ten entregada toda a documentación requirida e que está en regra.

MESA SECTORIAL: ASOCIACIONES EN ENTIDADES MEDIOAMBIENTALES.

A Xunta Directiva acorda a inclusión como socio da entidade co número 129, na mesa sectorial de Asociacións e entidades medioambientais.

7. SOLICITUDE ASOCIACIÓN O RABO DO GALO: CAMBIO MESA SECTORIAL DA ASOCIACIÓN MARIÑAS – BETANZOS.

Con data 30 de maio de 2014 ten entrado no rexistro da Asociación Mariñas – Betanzos, solicitude da Asociación Cultural O Rabo do Galo de cambio de mesa sectorial.

Actualmente esta Asociación estaba incluída na Mesa de Asociacións Culturais, Deportivas.... e solicita o cambio á Mesa Sectorial de Asociacións e entidades medioambientais.

Presenta certificado de reunión de Xunta Directiva celebrada o 24 de maio, onde asistiron todos os socios e acordaron que se solicitase o cambio de Mesa sectorial.

A Xunta Directiva acorda o cambio de mesa sectorial da entidade á mesa sectorial de Asociacións e entidades medioambientais.

8. POSIBLES PROPOSTAS PROGRAMA LIFE 2014.

8.1. Temos sido convidados a participar nunhas propostas de posibles proxectos LIFE.

Un deles, coordinado dende a Reserva da Biosfera de “Oscos e Terras de Burón”, onde se traballaría a mellora de hábitats (Life Natura); e onde tamén participarían a Reserva da Biosfera “Terras do Miño” e nos convidan ás “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”. Para elo nos piden identificar accións de mellora ambiental sobre a Rede Natura 2000, ben no Lic Mandeo ou ben no Lic Mero-Barcés (mellora dos bosques de ribeira e regulación do encoro).

O representante da Sociedade Galega de Historia Natural, Juan Manuel Neira, propón aos asistentes que se poderían facer actuacións concretas no Porto de Lorbé e en Fontán.

Jorge Blanco, comenta que se concretará unha entrevista coa Demarcación de Costas, co obxecto de intentar traballar na zona costeira neste proxecto. De todos xeitos comenta, que no proxecto LEADER da medida 412 que vai presentar o GDR poderían meterse actuacións nas zonas costeiras.

A representante da Confraría de Pescadores de Miño, di que “ollo” que habería que estudar o proxecto, concretamente na ría de Betanzos, na zona do “campo de tiro” que pode afectar ao marisqueo.

8.2. Por outra banda, estase traballando coa Asociación de Empresarios de Polígono de Arteixo unha posible proposta, extensible a todos os polígonos da Reserva, para calcular, avaliar e propoñer actuacións para medir e rebaixar a “pegada ecolóxica” dos polígonos, podendo asociar ás propostas de mellora un Programa de Responsabilidade Social Corporativa centrado na Reserva da Biosfera.

9. PROPOSTAS PARA O PDR 2014-2020.

O Presidente fai lectura das alegacións que se presentaron dende a Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia, que foron enviadas hoxe martes día 8 ao Comité de Seguimento do PDR, sendo o solicitado:

PRIMEIRO.- Que se manteña o esforzo financeiro no PDR 2014-20 a través de Leader na mesma porcentaxe que no período actual (10 %), conscientes de que este investimento será moi positivo e frutífero para dinamizar o noso tecido socioeconómico nas áreas rurais incrementando de xeito paralelo a taxa de cofinanciación FEADER ata o 80% na medida LEADER.

SEGUNDO.- Que se aproveite esta metodoloxía para aplicar estratexias e obxectivos, tanto da propia Consellería do Medio Rural e Mar como doutras Consellerías. LEADER permite, como se ten demostrado neste período, dinamizar proxectos ligados á Modernización de explotacións agrarias e forestais; melloras en empresas de servizos no sector agrario e forestal; axudas á diversificación da economía rural e modernización de PEMES; proxectos de mellora da calidade de vida das áreas rurais; no desenvolvemento de proxectos de mobilidade de terras e a súa posta en produción; na agrupación de terras para a súa explotación forestal; no apoio a Comunidades de Montes en Mán Común para a súa posta en valor, ou no deseño de Plans de desenvolvemento local, polo que sería optimizar os recursos optar por aplicar MULTIFONDO na medida LEADER.

Proponemos que exista coordinación con outros órganos directivos da Consellería, para que desde a medida LEADER se poidan seguir apoiando os procesos de modernización de explotacións agrarias e forestais, así como de transformación e xeración de valor engadido. E ao respecto doutras Consellerías, Leader xa coordinou no período actual actuacións con Turismo (na diversificación de actividades, na dotación de novas infraestruturas, no desenvolvemento de paquetes, etc), ou co IGAPE, Conservación da natureza na posta en valor de espazos na Rede Natura 2000.

TERCEIRO.- Que entre os OBXECTIVOS TRANSVERSAIS entre os que están medio ambiente, mitigación del cambio climático e innovación, se inclúa GOBERNANZA NAS ZONAS RURAIS (MEDIDA LEADER).

CUARTO.- Que se incorporen fondos específicos e en coantía suficiente para COOPERACIÓN especificamente dentro de LEADER e que poida ser aplicada baixo a fórmula de promoción directa desde os cadros financeiros dos Grupos.

QUINTO. Que o PDR 2014-2020 dote fondos para a cooperación por parte dos Grupos de Acción Local dentro do Artigo 45 (Cooperación), ademáis de que desde os Grupos de Acción Local se poida participar como axente promotor e colaborador nas distintas Submedidas.

O Presidente informa aos asistentes que se enviaran a proposta completa de alegacións a todos os membros da Xunta Directiva.

10. ROGOS E PREGUNTAS.

Lois Anxo Ferreiro, representante de Cultura de Aberta de Carral pide que se aclare en canto as alegacións presentandas por parte de Mariñas Betanzos e da Asociación de GDR de Galicia ao Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia, que actuacións están incorporadas en canto as Reservas de Biosfera. O Presidente a este respecto, comenta que dentro do PDR hai posibilidades de abrir liñas de financiamento para Reservas de Biosfera, quedando unha porta aberta cando saia a convocatoria.

José Francisco Castro, pregunta si a día de hoxe a administración prevee que se manteñan os 31 Grupos, ao que o Xerente resposta que si se confirman a metade de fondos, dificilmente van a manterse os 31 Grupos actuais, seguramente van a cambiar normas, protocolos, e novas fórmulas de apoio aos emprendedores.

O Presidente, di que seguramente haberá entre 20-25 Grupos, saíndo sobre 15 ou 20 concellos por Grupo, ademáis dun novo regulamento.

Lois Anxo Ferreiro, comenta que fai anos a declaración da Reserva da Biosfera viña dotada de fondos do Ministerio, pero que esa situación cambiou nestes últimos anos en canto as dotacións a Reservas de Biosfera, o que resulta algo frustante.

Sabela Pérez, de Roxín Roxal manifesta que houbo moi pouco tempo para leer e preparar alegacións ao PDR, e que algunhas cuestións pola importancia han de ser consultadas, como por exemplo a inclusión da “gobernanza nas zonas rurais”, descoñece na práctica as medidas que implicarán. Jorge Blanco, aclara que aínda non se ten aberto o período de “exposición pública”, e que o arquivo enviado é un documento interno de traballo que en dúas semanas aproximadamente abrírase e poderanse facer as alegacións oportunas durante 3 meses.

Por outra banda, Sabela Pérez pon de manifesto que a composición do Comité Científico ata o momento, ignora por unha banda as ciencias sociais con pouco ou nula representatividade, e por outro que non hai ningún muller científica na súa composición, polo motivo que reitera que se teña en conta a proposta feita por Roxin Roxal de incluír no Comité Científico representante das ciencias sociais. O Presidente aclara que non volveu a haber reunións deste Comité, e que na vindeira xuntanza do Comité levarase esa proposta e outras para continuar mellorando.

Sabela Pérez comenta tamén que debería existir un protocolo de transferencia de información entre órganos de xestión da Reserva, e que se recolla esta proposta en Acta.

Lois Anxo Ferreiro, considera que se debería axilizar e rematar a constitución dos órganos da Reserva da Biosfera, canto antes; o Presidente resposta que está dentro das actividades previstas para o segundo semestre deste 2014.

Non se producen máis intervencións dándose por rematada a reunión ás 21.15.

En Abegondo, a 8 de xullo de 2014

A Secretaria accidental
Asdo.: Dna. Aida Pérez Barredo

Vº e prace Presidencia
Asdo.: D. José A. Santiso Miramontes